



CALENDARIO DE NOVAS PROPOSTAS OU MODIFICACIÓNS DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2022-2023

Aprobado polo Consello de Goberno do 17 de decembro de 2020

NOVAS PROPOSTAS de programas de doutoramento		
Accións do órgano responsable	Órgano responsable	Prazo
<i>Declaración de intencións</i>		
Presentación da declaración de intencións de creación dun novo programa na EIDUDC e difusión á comunidade universitaria	CAPD	5 de febreiro de 2021
Informe (favorable/desfavorable) da EIDUDC sobre a declaración de intencións e envío da documentación á VPAID.	CP da EIDUDC	19 de febreiro de 2021
Resposta á declaración de intencións.	VPAID	26 de febreiro de 2021
NOVAS PROPOSTAS E MODIFICACIÓNS de programas de doutoramento		
Accións do órgano responsable	Órgano responsable	Prazo
<i>Memorias xustificativa e económica</i>		
Presentación da proposta na EIDUDC, que debe consistir de: - Memoria Xustificativa dos requisitos do programa. - Memoria Económica do programa.	CAPD	12 de marzo de 2021
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable) sobre a proposta e envío da documentación á VPAID.	CP da EIDUDC	26 de marzo de 2021
Resposta á proposta. Se é en termos de "favorable", continúa a súa tramitación.	VPAID	6 de abril de 2021
<i>Memoria de verificación (inicial)</i>		
Presentación da memoria de verificación do programa na EIDUDC (debe ter en conta os informes previos da EIDUDC).	CAPD	7 de maio de 2021
Exposición pública da memoria de verificación e presentación de alegacións ante a EIDUDC.	EIDUDC	14-28 de maio de 2021
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable) sobre a memoria.	CP da EIDUDC	4 de xuño de 2021
Resposta da CAPD: - ao informe emitido pola EIDUDC. - ás alegacións presentadas.	CAPD	18 de xuño de 2021
<i>Memoria de verificación (definitiva)</i>		
Presentación da memoria de verificación definitiva na EIDUDC.	CAPD	18 de xuño de 2021
Informe da EIDUDC (favorable/desfavorable) sobre a memoria e envío da documentación á VPAID.	CP da EIDUDC	25 de xuño de 2021
Aprobación da memoria polo Consello de Goberno e o Consello Social.	Consello de Goberno / Consello Social	xullo de 2021
Envío á Secretaría Xeral de Universidades.	VPAID	xullo de 2021
Incorporación da memoria de verificación na sede electrónica e remisión da documentación ao ministerio.	Responsable do título / VPAID	1 de setembro a 25 de setembro de 2021

Código Seguro De Verificación	4bFxowDdf5VTfm9BKgagsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	18/12/2020 08:39:20
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4bFxowDdf5VTfm9BKgagsA==		



Declaración de intencións. Os formularios que se deben cumprimentar para as Declaracións de Intencións de programas interuniversitarios ou programas con participación única da UDC están dispoñibles en <http://www.udc.es/eid/programas/> e deben ser remitidos aos enderezos seguintes:

- direccion.eid@udc.es
- secretario.eid@udc.es
- oficina.doutoramento@udc.es

Memorias xustificativa e económica. Elaboraranse de acordo coa *Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzaas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia* (http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2012/20120329/AnuncioG0164-220312-13863_gl.html):

- Memoria xustificativa.** Será fidedigna e detallada do cumprimento dos requisitos xerais e específicos, segundo o Anexo I da citada orde.
- Memoria económica.** Conterá os datos relativos a infraestrutura, recursos de persoal docente investigador e de administración e servizos, así como as diferentes fontes de financiamento, segundo o Anexo II da citada orde.

Memoria de Verificación. Tanto en caso de nova proposta como de modificación, a Memoria de Verificación do programa deberá ser incorporada á plataforma da sede electrónica do Ministerio polo/a coordinador/a da Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

Para isto, o/a coordinador/a darase de alta na sede electrónica do Ministerio (<https://sede.educacion.gob.es/tramite/login/plogin.iisp>) e comunicará o seu nome á EIDUDC/VOAID para a asignación de roles.

A EIDUDC/VOAID dará as instrucións oportunas para acceder á sede electrónica do MECD e cubrir a Memoria de Verificación.

A incorporación da Memoria de Verificación na sede do Ministerio deberá acompañarse da Memoria Xustificativa dos requisitos, da Memoria Económica e, de ser o caso, dos convenios de participación (Orde do 20 de marzo de 2012 da Xunta de Galicia https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/galeria_down/titulos/ORDE_20-03-2012_desarrollo_D222_2011.pdf).

A memoria deberá deixar constancia da realización de estudos de demanda, participación dos grupos de interese na elaboración da proposta, oportunidade estratéxica formativa, de especialización ou socioeconómica, a non existencia de oferta similar na UDC ou no SUG, e calquera outra evidencia ou estudo que xustifique a implantación da proposta.

Sinatura dos convenios de programas interuniversitarios coordinados pola UDC. Debe tramitarse o/a responsable do programa na UDC. Unha vez asinado o convenio polos/as reitores/as de todas as universidades participantes, a EIDUDC encargarse de agregalo á documentación do programa e do seu envío á Xunta de Galicia.

En <http://www.udc.es/eid/programas/> está publicado un modelo de convenio.

De non ter o convenio asinado no prazo establecido, o/a responsable da proposta na UDC poñerá en contacto coa EIDUDC para que desde a EIDUDC se tramite a sinatura do reitor do acordo de participación da UDC no programa; e remitiralle á EIDUDC os acordos de participación do resto das universidades participantes asinados polos/as seus/súas respectivos/as reitores/as.

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 17/12/2020.

O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	4bFxowDdf5VTfm9BKGagsA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	18/12/2020 08:39:20
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4bFxowDdf5VTfm9BKGagsA==		

